

Deportes

JUANMA MARRUBE ENTRENADOR DEL BURELA FS PESCADOS RUBÉN

► A Tardanza fixo que a primeira Copa Xunta fose a máis doce. Despois de cinco finais perdidas, o Burela FS Pescados Rubén atopou o xeito de levar o título autonómico ás súas vitrinas despois de tumbar á súa besta negra dos últimos anos, o Santiago Futsal. Juanma Marrube, adestrador do equipo, disfrutou e sufriu a partes iguais durante a final.

«O título era ilusionante para o club e esta plantilla quería ser a primeira en gañalo»

TEXTO: L. RODRÍGUEZ
FOTO: AIMA

JUANMA MARRUBE fíxose esta tempada cargo do equipo masculino do Burela FS Pescados Rubén tralo descenso a Segunda. Despois de ser un ídolo coma xogador e ser tamén segundo adestrador e director deportivo, imbuido na filosofía do club laranxa, o alforceuse desfrutou o martes do seu primeiro gran logro, co título da Copa Galicia, aínda que espera que non sexa o último, xa que a partir do día 12 empieza o play off de ascenso á máxima categoría, atropándose ao Betis na primeira rolda.

Como define o que sentirá despois de acadar a primeira Copa Xunta? Satisfacción. É a recompensa a nove meses de traballo e unha análise grande, en canto ao factor mental, para esta sexta final na que temos aínda outro obxectivo moi importante para o club. Que tal lles senta este primeiro título autonómico?

Éa unha satisfacción pendente do club e un reto fermoso para esta plantilla. A posibilidade de facer historia penso que foi un aliciente. Díxennlle moito valor. Foi un triunfo traballado e sufrido a partes iguais.

Como era de esperar, as categorías están para atopar e non lle vas gabar a un momento que vides da Primeira, aínda que descendes, un paso atrás. Vexíades moitos anos que o pasastes moi mal, sobre todo no inicio do momento, pero tamén mois boas fases, na que canalizastes o xogo de ataque moi ben. Na segunda parte tocou volver a meter traballando 5 para 4 buscando os 20 minutos.

Está satisfeito co xogo desenvolvido na final?

Véndese en perspectiva teño que estar moi contento co desenvolvemento do equipo. Hai que ter en conta que xogamos 3 encuentros en 6 días, cunha eliminatoria máxima. En todo momento demostramos ser un equipo sólido, disciplinado



Juanma, nun momento na foto negra, na

Play off de ascenso

«O Betis é un equipo moi forte diante da súa afección, espero unha eliminatoria dura»

O BURELA FS pensa xa no momento da primeira eliminatoria do play off de ascenso, que xogará na pista do Betis. Juanma, adestrador do conjunto laranxa, está convencido de que o equipo

chegará ben á cita, aínda que ten a dúbida de Leizola, un xogador moi importante. Como afrontará estes días previos á eliminatoria do Betis despois do refresco realizado en Noia e, sobre

Alternativas

«Pasamos algún momento difícil, pero a clave é que tiñamos moito traballo detrás e non nos puxemos nerviosos»

Sensaciónes

«Hai xogadores que acadaron o título que levan no Burela FS dende os seis anos e que recollen os froitos do seu traballo»

comprometido, sobre todo a nivel defensivo. Tamén tivemos bos momentos de ataque, incluso con eficacia e con 4-1 tivemos opcións de rematar o partido.

Que destacaría do seu equipo no partido polo título?

A reacción que tivemos despois de empezar sendo inferiores. O equipo estaba incómodo e o Santiago púxose por diante e tivo algunhas ocasións máis para ampliar a vantaxe. Sobremos manter a tranquilidade porque hai unha base moi forte de traballo detrás e dende logo que os goles tamén afloran. Pasar do 0-1 ao 4-1 foi clave no encontro.

Foi a final imaxinada por Juanma

ou esperaba outra cousa?

Sabía que sería exitente. O Santiago ten unha cultura moi definida, con moito traballo defensivo na presión alta para manitar a saída do rival, pero tamén víñan duns partidos duros contra o Parrulo e puido acadar certo desgoste. Creo que foi un partido de momentos aínda que está claro que na segunda metade tivemos que aguantar moito tempo con só 6 xogadores de pista e pasamos momentos duros. E ademais víñan do peche da Liga e da semifinal.

O partido de Noia era moi importante para nós e afrontámolo coa maior seriedade. Foi importante gañalo, igual que esta Copa porque agora chegamos con máis confianza ao play off.

Víuse moita lección na celebración, tantas ganas había?

Sempre é importante acumular títulos, sobre todo un que aínda non tes. Para o club significa moito e tamén a nivel galego a Copa Xunta ten moito prestixio. Hai xogadores da nova plantilla que entraron no club con 6 anos e recollen agora os premios de todos os esforzos con este tipo de éxitos.

Renato e Hélder, dous cantairáns foron protagonistas.

Dende logo, a aposta ten que ser esa. Este club ten unha firme aposta pola base.

todo en Ferrol

A nivel aritmético penso que chegamos moi fortalecidos, pero a nivel físico é verdade que imos cambiar un pouco o que tiñamos previsto. Temoos moitos xogadores tocados, con pequenas cousas, pero é algo léxico pelas alturas da tempada na que estamos e tamén polo esforzo. Imos reorganizarnos o traballo para chegar nas melloras condicións posibles a Sevilla.

Podría facer unha primeira análise da eliminatoria?

Pois espero que sexa dura. O Betis era un equipo chamado a pe-

lexar polo título e ao final foi capaz de entrar no play off. Na casa só perdeu dous partidos en toda a tempada e iso di moito da súa fortaleza, aínda que ltra baixou algo. Ten xogadores de moita experiencia e sabe ben o que quere na pista. Penso que pode ser unha gran eliminatoria.

Sen Luisma?

A ver. Está moi moi mellor, pero tal vez non chegue en condicións de xogar ao primeiro encontro. Analizaremos a situación en 10 días e tratarémos o mellor para o xogador e para o equipo.